



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DO VISO  
19 DE XUÑO DE 2017

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta sesión anterior
2. Propostas definitivas para Orzamentos participativos 2017
3. Rogos e preguntas

No antigo preescolar do Viso, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, do día dezanove de xuño de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Adelina Couñago Lara, representante do PP
- Manuel Freire Collazo, representante das asociacións veciñais
- M<sup>a</sup> José Acevedo Santoro, representante das asociacións veciñais
- José Núñez Iglesias, representante das asociacións veciñais
- Jose Antonio Martínez Conde, representante das asociacións veciñais
- Fernando Veiga Estévez, representante da comunidade de montes
- Soledad Vidal Dasilva, representante das asociacións culturais
- Alberto Couñago Castellano, representante da comunidade de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial do Viso convocada para o día de hoxe.

**1. Aprobación acta sesión anterior.**

Pola Presidencia dase conta da acta da última xuntanza celebrada o 09.02.2017.

O Consello Parroquial do Viso, por unanimidade dos seus membros, aproba a acta.

**2. Propostas definitivas para Orzamentos participativos 2017**

Comeza o Sr. Freire Collazo expoñendo que dado que a proposta deles, da cesión do terreo, é un procedemento longo e para este ano non vai estar rematado, que aproveiten os outros colectivos a parte dos orzamentos que ían para eles.

A Sra. Vidal Dasilva expón as propostas para os orzamentos:

- Colocar unha regilla no camiño do Monte da Nogueira
- Botar asfalto ou algún tipo de xabre no camiño do Monte da Nogueira
- Colocar unha varanda na barranca de Covas a continuación da que hai.
- Colocar unha varanda no pilón do camiño do Meixoeiro, onde a de Xaime "o muxo"
- Colocar unha varanda nas Sete Fontes onde remata o que hai
- Rematar a canalización da Tomada
- Reparar o lavadoiro da Brea

O Sr. Couñago Castellano indica que a fonte da Nogueira non está limpa, solicita que a limpen.



CONCELLO DE REDONDELA

A Presidenta lle contesta que son moitas parroquias a que atender, é difícil mantelas limpas durante todo o ano.

O Sr. Couñago Castellano, en relación coa obra da Nogueira, indica que a máquina rompeu a tubería da auga e agora está chea de xabre o que atasca os contadores dos veciños, antes de poñerse a facer a obra teñen que preguntar.

A Presidenta lle indica que en calquera obra é normal que se poida romper algo, o rego estaba moi superficial. Limpouse o camiño e a auga vai polo rego.

O Sr. Couñago Castellano contéstalle que a auga vai pola estrada. Quedan de ir xuntos a miralo.

A Presidenta, en relación co asfaltado do tramo do camiño do Monte da Nogueira lles indica que unha vez comprobado que é público, o asfalto se fará co cargo ao orzamento do Concello.

Logo de debater entre todos as propostas, acordase investir os orzamentos, por orde de prioridade, no seguinte:

- 1º Colocar unha regilla no camiño do Monte da Nogueira
- 2º Colocar unha varanda na barranca de Covas a continuación da que hai.
- 3º Colocar unha varanda no pilón do camiño do Meixoeiro, onde a de Xaime "o muxo"
- 4º Colocar unha varanda nas Sete Fontes onde remata o que hai
- 5º Rematar a canalización da Tomada
- 6º Reparar o lavadoiro da Brea

O Sr. Martínez Conde comenta o tema da reparación do muro que desfixo un camiión, que entre o concelleiro Arturo González e o aparelador Lamas non se fixo o informe e quedou sen reclamar ao seguro do camiión.

A Presidenta lle contesta que tanto ao AVE como Autopistas etc, hai que atalos en curto antes de que pase nada porque despois é moi difícil reclamar.

O Sr. Martínez Conde indica que o AVE tapou 13 mananciais de auga e non se fixo nada. O Concello o ten que reclamar.

A Presidenta lle indica que as reclamacións con todos os dossiers están en Madrid, que pida unha reunión co Alcalde para saber se reclamaron ou non e se poden ir ao contencioso contra ADIF.

A Sra. Vidal Dasilva solicita que se traian os orzamentos para saber canto valen as cousas antes de facelas.

A Presidenta lles explica o procedemento, o técnico municipal, Lamas, fai unha memoria valorada, con ela se lle pide presuposto a tres empresas e os presentan por rexistro. Neste caso, de acordo co que solicitan farase a memoria valorada e se lle pasará aos colectivos do Consello para que pidan eles os presupostos.



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Martínez Conde insiste co tema da obra do camiño da Tomada non cadran os metros, poñía 110 e fixeron 102 mts, nin a valoración, foron 360 euros máis.

A Presidenta lles indica que o vai aclarar co técnico municipal, Lamas.

### **3. Rogos e preguntas**

O Sr. Núñez Iglesias solicita a canalización das augas no Panasco.

A Presidenta lle contesta que xa se estiveron alí e non se poden meter as augas da choiva nese rego, é un rego de regadío. Lles indica que cando se reunan cos veciños e todos o autoricen se mirará o tema.

A Sra. Vidal Dasilva pregunta polo estado das obras pendentes de executar dos orzamentos 2016 en Saramagoso.

A Presidenta lle contesta que xa se remataron, está todo feito.

A Sra. Vidal Dasilva solicita unha base ou algo para amparar o contenedor na subida do Viso, camiño do Castro.

Ademais, solicita un contenedor na área de descanso onde Pachani.

A Presidenta lles explica que ese contenedor se sacou porque era un vertedoiro e alí non hai casas. Falará co concelleiro de medio ambiente, Miguel Ángel Álvarez parra poñelo e cando volva estar cheo de lixo lle sacará unha fotos.

A Sra. Vidal Dasilva solicita que colequen un panel informativo no camiño do Meixoeiro, na plazoleta.

Así mesmo, tamén solicita un punto de luz no camiño da Ribeira, na baixada a praia sobre a metade do percorrido.

A Presidenta lles informa en relación co tema da estrada de Deputación, que Uxio Benítez quedou de vir a mirar as estradas pero aínda non viu. So puxeron unas cintas parar contar os coches que pasan e nas que superen os 3.000 coches diarios son nas que farán actuacións.

A Sra. Vidal Dasilva reitera o tema dos camións na estrada de Deputación e o aparcamento para o colexio.

A Presidenta lle contesta que lles traerá o dossier que se presentou na Deputación para que miren todo o solicitado.

O Sr. Freire Couñago pide que o Concello non tire a toalla e siga insistindo e senón o Consello Parroquial terá que sacar unha nota de prensa queixándose pola actitude da Deputación.



CONCELLO DE REDONDELA

A Sra. Vidal Dasilva lamenta que ao final os prexudicados polo políticos son os veciños. Solicita que non deixen os coches obstaculizando a estrada.

Por outra banda, a Presidenta lles informa que o servizo de limpeza das parroquias está en marcha, agora están en Cesantes e despois virán para O Viso, é unha empresa nova e de momento non teñen queixa. A empresa limpa o que vai ás casas e os asfaltado.

A Presidenta lles indica que o tema do saneamento do Canabal se mandou a Deputación e está pendente de que contesten. Ademais, informa que se vai asfaltar o camiño da cultural de Saramagoso.

O Sr. Couñago Castellano pregunta se sabe como está o tema do camiño do Valdramón. O anterior concelleiro Cándido o mirara e dixera que estaba bastante ben.

A Presidenta lle contesta que hai que poñerse con el, pero son moitos metros, o teñen que mirar.

O Sr. Núñez Iglesias comunica que o lavadoiro da Castiñeira ten moitas perdas hai que reparalo.

O Sr. Freire Collazo pregunta se tiveron algunha reunión polo campo de futbito pequeno, se xa se sabe de quen é, do monte non é. Hai que botar man del.

A Presidenta lle contesta que falou con Julio e se non é de ninguén non se pode coller así como si. O mesmo pasa co parque do Loureiro, non se sabe de quen é, do Concello non é.

O Sr. Freire Collazo comenta que o Parlamento rechazou as obras de seguridade vial no alto de Cesantes, na estrada N-550.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.